- Se non dispoñemos de vía iv unha alternativa podería ser:

bolos subcutáneos de Midazolam 5-10 mg (por bolo)

ou

microenemas de Diazepam 5 ou 10 mg

## SÍNDROME COMPRESIÓN MEDULAR

Ante a sospeita de Compresión Medular se actuará de forma urxente:

DEXAMETASONA → 16-100 mg iv bolo inicial\*



continuar con → 16 mg iv c/ 6-8 h

RMN urxente para confirmar diagnóstico

se procede <sup>(neurociruxía)</sup> → LAMINECTOMÍA

RADIOTERAPIA → precoz

\* Non hay consenso en dose. Non se demostrou superioridade de doses altas de corticoides

# SÍNDROME VENA CAVA SUPERIOR

## TRATAMIENTO

Medidas xerais: Tranquilizar ao paciente. Soporte emocional. Reposo na cama a 45°. Dieta sosa. Vía periférica femoral. Evitar aumento da presión intratorácica (tos e estrinximento)

Dexametasona: 40 mg i.v. e posteriormente 4 mg/6h v.o. ou s.c

Diuréticos: Furosemida 20-40/6-8h IV (acción controvertida)

Radioterapia: TT° elección tumores radiosensibles (Ca pulmón células grandes)  
Moi alta eficacia (50-95% ás 2 semanas)


Quimioterapia: TT° elección tumores quimiosensibles (Ca pulmón células pequenas, linfoma, tumores cel. xerminales).  
Alta eficacia (60-80%)

Ciruxía: *Stent* (eficacia 95% ás 24h): non protocolizado


*By-pass* : só en casos seleccionados

Outros: *Osixenoterapia* e Heparinas de baixo peso molecular

## HIPERTENSIÓN INTRACRANEAL POR METÁSTASES CEREBRAIS

- Dexametasona: bolo inicial de 10-50 mg iv.  
mantenimento: 4 mg c/6 h vo
- Radioterapia paliativa: boa resposta entre un 60-80% dos casos
- Manitol 

si edema cerebral e possibilidade de herniación

ao 20% infusión en 30 minutos c/ 6 h durante 48 horas
- Anticonvulsivantes 

só tras 1ª crisis comicial

Fenitoína 100 mg vo c/ 8 h



## OUTROS TRATAMENTOS:

Quimioterapia → se metástases quimiosensibles

Radiociruxía → se metástases única

Vómitos → Antieméticos habituais  
Haloperidol  
Ondansetrón

- Os esteroides melloran o edema cerebral máis a súa acción é limitada no tempo. Melloran a calidade de vida e algo a supervivencia
- Os tratamentos con radiociruxía e quimioterapia valoraríanse en función da situación clínica do paciente.
- A cefalea mellora ao disminuir o edema cerebral

## HIPERCALCEMIA :

HIDRATACIÓN con S. SALINO : 1000cc nas 1<sup>as</sup> 2 horas. Despois 2000 cc 24 h

FUROSEMIDA IV : unha vez hidratado o paciente pode ser útil para forzar diurese e inhibir reabsorción tubular de calcio.

Dose: 1 amp iv c/12 h, 1-2 días

CORTICOIDES: METILPREDNISOLONA, inicio: 1 mg /Kg iv, logo 20 mg iv c/6 h

## BI FOSFONATOS:

ZOLEDRONATO : 4 mg en 50 ml SSF ó SG 5% iv en 15 min

PAMIDRONATO : 90 mg en 250 cc SSF ó SG 5% iv en 2-4 h

CALCITONINA: 4-6 UI/Kg c/12 h vía sc, im ou iv (poco usada en CP)

## ACTITUDE ANTE A HIPERCALCEMIA

- O tratamento da hipercalcemia será tanto máis agresivo cantas máis posibilidades teña o paciente de recuperación.
- Nas fases avanzadas da enfermidade e nas que non se espera melloría na calidade de vida a actitude será moderada.
- Na agonía a hipercalcemia, a hidratación, os fármacos..... pasan a un segundo plano.
- En CP as mellores opcións do tratamento da hipercalcemia son a hidratación e os Bifosfonatos.

## OBSTRUCCIÓN INTESTINAL (1)

OBXECTIVO FUNDAMENTAL  Control SÍNTOMAS

Evitar sondaxe nasogástrica  
Evitar soroterapia  
Evitar hospitalizacions  
Inxesta que tolere

Tratamento PALIATIVO:

- Dexametasona : 24 mg/día (dende 8 a 60 mg/día)
- Hioscina sc ou iv (20-40 mg sc infusión contínua)
- Morfina infusión sc contínua : inicialmente 20 mg / 24 h
- Haloperidol 2,5-15 mg sc/ 24 h ou Clorpromacina se vómitos
- Octreotido (Somatostatina) : 100-600 mg sc c/ 24 h
- Anti H<sub>2</sub> /IBP

En casos concretos  GASTROSTOMÍA

## OBSTRUCCIÓN INTESTINAL (2)

Se empleamos Infusor SUBCUTÁNEO unha boa mezcla sería:

CI Mórfico + Haloperidol + Hioscina en 24 horas

Se persiste Clínica de moi difícil control: dor, vómitos, distensión abdominal ou Axitación Psicomotriz.....



Plantexarase SEDACIÓN

## BIBLIOGRAFIA

1. Body JJ. Breast cancer: Bisphosphonate therapy for metastatic bone disease. Clin Cancer Res 2006; 12:6258-6263
2. Krouwer HGJ, Pallagi JL, Graves NM. Management of seizures in brain tumor Patients at the end of life. J. Palliat Med 2000; 3:465-475.
3. Declan Walsh et al en Medicina Paliativa, cap 231: pag 1305-1307 Síndromes de la vena cava, Ed Elsevier-Saunders 2010.
4. UPAL/HADO. Complejo hospitalario Universitario de Santiago. Protocolos en Cuidados Paliativos.
5. Oncología. Complejo Hospitalario Universitario de Santiago. Protocolo Compresión Medular.

## ÚLCERAS NEOPLÁSICAS

Vázquez Vilas, Consuelo (DUE A. Primaria SAP Boiro)  
Ferro Castaño, Rosa (DUE A. Primaria SAP Ribeira)  
López Abuín, Eva (DUE A. Primaria SAP Ribeira)  
Teixeira Vila, José R. (DUE A. Primaria UAP Pobra)  
Lires Rodríguez, Carmen (Facultativo A. Primaria SAP Boiro)  
Rodríguez García, José M. (Médico A Primaria UAP Pobra)  
Crujeiras Sampedro, José A. (Médico A. Primaria SAP Ribeira)  
Iglesias Gallego, Marina (Médica HADO Hospital do Barbanza)

## CURA NAS ULCERAS NEOPLASICAS

### Obxectivos:

- Control do exudado
- Control do cheiro
- Control do sangrado
- Control da dor
- Control da infección
- Favorecer a aceptación social

Debemos ter en conta de que o obxectivo será paliar, non tratar, buscando o confort do paciente.



- EXUDADO:
  - Débense usar apósitos de alta absorción (espumas, foams...) e combinar tantos como sexan necesarios (con hidrofibras ou alginatos...) para intentar espaciar curas.
  - Protexer pel circundante sempre con spray/cremas barreira
  
- CHEIRO:
  - Xel Metronidazol tópico ao 8% c/12h
  - Facer unha boa limpeza, ata na ducha
  - Pódense usar apósitos de prata, ou carbón e prata

- SANGRADO:
  - Realizar cura só cando o apósito estea saturado, evitar aqueles apósitos que se adhiren demasiado ao leito ou proporcionar humidade (hidroxeles) si isto sucedese.
  - Limpar sen friccionar
  - Apósitos de Alginato cálcico, hemostáticos e ata vasoespasmódicos (ácido aminocaproico ou tranexámico ..., empapados en gasas, deixar un intre e seguir con cura)
  - Se presenta algún punto sanguento pódese cauterizar con Nitrato de prata.

- DOR:
  - Utilizar fármacos analxésicos según a escaleira analxésica da OMS
  - Se as curas son moi dolorosas débese administrar previamente fármacos analxésicos e en ocasións é necesario sedar ao paciente (Midazolan y/o Morfina por vía subcutánea) previamente á realización da mesma.
  - En lesións dolorosas ocluir con gasas impregnadas en lidocaína xel ao 2%.
  - Utilizar produtos que cura en ambiente húmido que impiden que se adhiran ao leito (hidroxeles, siliconas... ate vaselina).

- INFECCIÓN:
  - O aumento de dor, de sangrado, de exudado ou de cheiro adoita deberse á presenza dunha infección.
  - Limpeza con clorhexidina, ou auga osixenada diluída (só se infección por anaerobios, deixar actuar e despois lavar con soro fisiolóxico)
  - Recoller aspirado mellor que frotis se se desexa tratarla.
  - Tratamento tópico con antibióticos é moi cuestionado
  - Deben usarse apósitos con prata +/- carbón activado
  
- ACEPTACIÓN SOCIAL:
  - Favorecer a aceptación social, sobre todo en lesións desfigurantes e que cheiren mal, manténdolas convintemente cubertas con apósitos, limpas e sen cheiro (para mitigar o cheiro pódese empregar metronidazol tópico ou espuma de mesalazina)

***IMPACTO DA FERIDA NEOPLÁSICA NA CALIDADE DE VIDA***  
*Adaptado de Caring for Oncology Wounds, Management Guidelines. Barton and Parslow, 1998*



## BIBLIOGRAFÍA

1. Sovpal.org. Donostia: Sociedad vasca de cuidados paliativos <http://www.sovpal.org/upload/publica/libros/cuidados-palilativos-en-enfermeria/06-SOLDEVILLA.pdf>.
2. VIII Simposium nacional de la GNEAUPP. Santiago de Compostela, Noviembre 2010. ULCERAS NEOPLASICAS Ana Orbeago Aramburu; Carmen Blasco García.
3. Úlceras por presión y heridas crónicas. Agencia valenciana de salut. Departamento de salud de la Marina Baixa. Año 2008. Pag 60-62.
4. Fistera.com. Guías clínicas. Control de síntomas en cuidados paliativos. 24/01/2009 (acceso 2 de abril de 2011) – Guías clínicas 2009 ; 9 (1). Autores: Fernando Lamelo Alfonsín, Graciela Charlín Pato, Ovidio Fernández Calvo, María Rosario García Campelo. Disponible en <http://www.fistera.com/guias2/sintomas.asp#ulceras>.
5. Ramón Delgado, Angeles Pérez, F. Javier Rodríguez. Manual de prevención e tratamiento de úlceras por presión. Ed. Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade e Servicio Galego de Saúde, División de Asistencia Sanitaria. 2005.
6. Grupo Nacional para el estudio y asesoramiento en Úlceras por Presión (GNEAUPP). Documento VIII. "Utilización de antisépticos!". Diciembre 2002.

## A VÍA SUBCUTÁNEA

Burgarín González, Rosendo (Médico de Atención Primaria UAP Calo-Teo)

Paz Rial, M<sup>a</sup> Cristina (DUE de Atención Primaria UAP Santa Comba)

Lopez Fernández, M<sup>a</sup> Dolores (Directora Asistencial XAP Santiago de Compostela)

## INTRODUCCIÓN

- Non todos os fármacos poden administrarse por vía subcutánea
- É un acceso eficaz e eficiente xa que permite, na maior parte dos casos, o control dos síntomas e ten unha adecuada relación custo/beneficio.
- Presenta unha boa aceptabilidade tanto polos pacientes (ata os pediátricos) como polos familiares, xa que é indolora e de fácil manexo polos cuidadores.
- Ten unha gran sinxeleza técnica polo que non require hospitalización e é moi segura xa que as posibles complicacións son leves, locais e de sinxela solución.



## INDICACIÓNS

Situacións que fan dificultosa ou impracticable a vía oral:

- Dificultade para a deglución, disfaxia.
- Náuseas e vómitos, intolerancia gástrica, obstrución intestinal.
- Convulsións, estados confusionais, coma, situación preagónica ou agónica.
- Dor ou disnea non controlables pola vía oral.
- Debilidade extrema.

## CONTRAI NDICACI ÓNS

- Edemas xeneralizados.
- Mala perfusión periférica.
- Coagulopatías graves.
- Infeccións de repetición no lugar da inserción.
- Enfermidades dermatolóxicas xeneralizadas.

*Moi raramente preséntanse contraindicacións absolutas.*

## PROBLEMAS

- Limitación na cantidade de líquido a administrar.
- Vía reservada a determinados fármacos.
- Posibilidade de irritación local.
- Dificultade para retirar o fármaco no caso de sobredosificación.

## FORMAS DE ADMINISTRACIÓN

Dúas posibilidades:

- Por infusión subcutánea intermitente: birlos ou por gravidade
- Por infusión subcutánea continua: infusores ou por gravidade  
(p ex: hipodermoclise)

## Infusión subcutánea (SC) INTERMITENTE


- A través dunha palomita insertada no tecido subcutáneo.
- Evita puncións repetidas.
- Utilízase para rescates.
- Material:
  - *Palomitas* (23 G - 25G - 27G).
  - Apósitos transparentes.
  - Tapón de membrana permeable: (Tapón *luer-lock* non precisa agulla para o seu manexo)
  - Dispositivo de infusión.
  - Xiringas.
- Pódese colocar en calquera das zoas de inxección subcutánea e tamén na rexión escapular.
- Cubrir cun apósito transparente para vixiar as reaccións locais que se poden producir así como a saída accidental da agulla.
- Se non hai complicación recoméndase o seu cambio cada 5-7 días.
- Volume 2 cc (máximo). Purgar despois con 0.3 cc soro fisiolóxico.

## Infusión SC continua: INFUSORES ELASTOMÉRICOS


- Son desechables, pequenos, lixeiros. Manexo sinxelo e rápido.
- O máis sinxelo é un cilindro de plástico cun reservorio de material elástico no interior, que se incha ao introducir a medicación.
- A retracción do globo vai liberando o fármaco de forma continua.
- Vixiancia periódica para comprobar que o nivel de infusión baixa.
- O volume pasado e o que falta só pode ser estimado.
- Se é necesario modificar a dose hai que cambiar o dispositivo.
- Son compatibles con catéteres e *palomitas* estándares.
- Precaucións: Non encher mais do volume requirido.  
Evitar a exposición directa á luz.  
Manter ao nivel do corpo do paciente

Tipos de infusores segundo a velocidade do fluxo:

- Infusor de 24 horas; velocidade de fluxo= 2 ml/h; 48 ml - 60 ml
- Infusor de 48 horas; velocidade de fluxo= 2 ml/h; 96 ml - 100 ml
- Infusor de 5 días; velocidade de fluxo= 0,5 ml/h; 60 ml
- Infusor de 7 días; velocidade de fluxo= 0,5 ml/h; 84 ml



- Elastoméricos ou de balón



- Mecánicos

- Electrónicos



## TÉCNICA

1. Información ao paciente e á familia
2. Lavado de mans
3. Elección e desinfección da zona
4. Purgar a *palomita*. Colocar o tapón (preferible luer-lock). Se non temos ese tapón conéctarase directamente ao infusor).
5. Belisco na pel formando un pliegue de 2 cm
6. Introducción da *palomita* coa agulla formando un ángulo de 45°.
7. Recúbrese o sistema con apósito transparente.
8. Cargar a xeringa coa medicación e rechea con soro ate o volume indicado no infusor.
9. Conectar a xeringa ao momento de enchido e introducir a mestura exercendo presión.
10. Retirar o tapón da línea do infusor para que se purgue de forma automática. Comprobando o seu funcionamento.
11. Conectar o infusor á palomita.

# MATERIAL





## FÁRMACOS MAIS UTILIZADOS EN CP POR VIA SUBCUTANEA

Cloruro mórfico

Metoclopramida

Midazolam

Hioscina (clorhidrato de Escopolamina)

Haloperidol

Levomepromazina: *Irritante, recoméndase rotar a zona.*

*A irritación pode diminuírse administrando 1 mg sc de dexametasona previo á levomepromazina.*

Dexametasona

Ketorolaco (evitar mezclar por irritante)

Tramadol

Octreotido

Ondansetron

Ceftriaxona (utilízase vial IM porque ten lidocaína)

## FÁRMACOS NON RECOMENDADOS VÍA SUBCUTANEA

- DIAZEPAM (reaccións dérmicas locais, excipiente oleoso)
- METAMIZOL (irritante, ampola moi grande)
- CLORPROMAZINA (Só usar en infusión continua 10-20mg/24h para tratamento do hipo)
- FUROSEMIDA (pouco usado en Coidados Paliativos)

## COMBINACIÓNS DE FÁRMACOS MAIS EMPREGADOS EN INFUSIÓN SUBCUTÁNEA CONTÍNUA EN CP

Morfina + midazolam + N-butilbromuro Hioscina

Morfina + levomepromazina + N-butilbromuro Hioscina

Morfina + haloperidol + N-butilbromuro Hioscina

Morfina + midazolam + levomepromazina

Morfina + N-butilbromuro Hioscina + dexametasona + metoclopramida

Morfina + midazolam + N-butilbromuro Hioscina + metoclopramida + haloperidol

Dexametasona + midazolam: PRECIPITAN

Dexametasona + haloperidol: PRECIPITAN

De maneira xeral as combinacións nas que se asocian dexametasona, Ketorolaco ou clorpromazina precipitan

## HIPODERMOCLISIS

Administración de fluídos no espazo subcutáneo.

- Cando non se conta con infusores pódese diluír a medicación en soros conectados á vía subcutánea.
- Cando a familia requira a necesidade de “alimentación”.
- As zonas de punción son as mesmas.
- Os líquidos poden ser: salinos, glucosalinos ou glucosado 5% (+/- CLK)
- Volume de líquido a administrar: entre 500 – 1500 ml/ día.

## BIBLIOGRAFÍA

1. UPAL/HADO Complejo Hospitalario Universitario de Santiago Borrador Protocolo Infusores.
2. Bugarín, R. LA VÍA SUBCUTÁNEA EN LOS CUIDADOS PALIATIVOS DE ATENCIÓN PRIMARIA. Material didactico aportado en el Curso Básico de Cuidados Paliativos 2010, promovido por la XAP Santiago.
3. Grupo de Trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre Cuidados Paliativos. Guía de Práctica Clínica sobre Cuidados Paliativos. Madrid: Plan Nacional para el SNS del MSC. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias del País Vasco; 2008. Guías de Práctica Clínica en el SNS: OSTEBA N° 2006/08
4. Silva César M Lamelo Alfonsín. Administración parenteral de medicamentos: la vía subcutánea. [actualizado 10 de junio de 2010; acceso 4 de octubre de 2010]. Fisterrae: Guías Clínicas. Disponible en: <http://www.fisterra.com/fisterrae/> .
5. *Guía Clínica. Uso y recomendaciones de la Vía Subcutánea en Cuidados Paliativos* Programa regional de cuidados paliativos de Extremadura. Disponible en: [http://www.secpal.com/b\\_archivos/files/archivo\\_259.pdf](http://www.secpal.com/b_archivos/files/archivo_259.pdf)

*DOCUMENTOS DE RECOMENDACIONES DE CUIDADOS PALIATIVOS  
DA AREA DE SANTIAGO E PONTEVEDRA NORTE*

## O PAPEL DA ENFERMERÍA NOS CUIDADOS PALIATIVOS

Paz Rial, Cristina (Enfermeira Atención Primaria SAP Santa Comba)  
Santaló Ríos, Inés (Enfermeira Atención Primaria SAP II Concepción Arenal)

## ACTIVIDADES DE ENFERMARIA

### COIDAD DO PACIENTE E DA FAMILIA:

- Aliviar os síntomas
- Facilitar os procesos adaptativos.
- Contribuir á comunicación paciente-familia.
- Analizar alteracións que produce a enfermidade na calidade de vida do paciente en cada momento.
- Proporcionar o cuidado integral do paciente.
- Involucrar á familia, aconsellandoos e preparandoos para o coidado e axuda nos momentos de crisis. Tratalos como unha unidade terapéutica.

## PLAN DE ACTUACIÓN

- Valoración inicial: identificar as necesidades asistenciais e avaliar o contorno (vivenda, necesidades económicas...)
- Planificar o coidado: establecer obxectivos, creando un clima de confianza e tendo en conta as prioridades do paciente.
- Execución do plan: definindo as prioridades diarias.
- Evaluación dos coidados: farase de forma continua, debido aos constantes e rápidos cambios da sintomatoloxía.



## ASPECTOS MAIS IMPORTANTES A SER CONSIDERADOS POLA ENFERMERÍA

- Alimentación.
- Eliminación Fecal.
- Eliminación Urinaria.
- Higiene.
- Boca.
- Síntomas respiratorios.
- Dor.
- Actividade Física.
- Recreo – Ocio.
- Síntomas Neuropsicológicos.
- Sufrimento Espiritual.
- Atención na Agonía.
- A Familia

## ALIMENTACIÓN

### OBXECTIVOS:

- O enfermo inxerirá os alimentos segundo as súas apetencias.
- A alimentación enteral e parenteral en fases moi avanzadas é “moi discutida”.

### ACTIVIDADES:

- Desdramatizar as comidas e a perda de apetito.
- Comida: Coidar a presentación, a textura e o olor (que deben ser suaves). Pouca cantidade , non forzar e procurar un ambiente relaxado (preferiblemente no comedor). Informar sobre os suplementos nutricionais.

ANOREXIA	CAQUEXIA	NAUSEAS E VÓMITOS
<p>Ademais das medidas farmacolóxicas (corticoides....) apoio e consolo, que note a presenza do coidador.</p>	<p>O paciente ten unha percepción negativa da súa imaxe, o que lle produce gran ansiedade e angustia.</p> <p>A delgadez extrema, producirá dor ó mover ou tocar ó paciente. Haberá que informar desto aos cuidadores, para que extremen precaucións en relación cos cambios posturais, baños, cueiro....</p>	<p>E fundamental analizar a posible causa.</p> <p><i>Actuacións xerais :</i>  Ambiente relaxado, non obligar a comer, evitar cheiros fortes (perfumes, comidas...) manter ó paciente sentado ou semisentado, se está inconsciente, manter en decúbito lateral. Comprobar se hai impactación fecal, tratar a ansiedade se existise.</p> <p><i>A sonda N/G</i> so se usará se os vómitos son moi intensos, e non teñen resposta ó tratamento médico, e co consentimento do paciente.</p>

## ELIMINACION FECAL

ESTRINXIMENTO	DIARREA	INCONTINENCIA FECAL
<p>Ocasiona flatulencia, torzóns, vómitos, dor e axitación.</p> <p><b>OBXECTIVO:</b> Conseguir unha deposición mínimo cada 3 días.</p> <p><b>ACTIVIDADES:</b> Estimular (si os tolera) inxestión de líquidos, aconsellar (no posible) actividade física, comprobar se ten laxantes, proporcionar intimidade. Si compresión medular, valorar enema c/2 días. Valorar presenza de fecaloma: se é brando, supositorios de bisacodilo. Se é duro enema. Movilizar as feces impactadas (valorar posible sedación). Previr futuros impactos. Na agonía está contraindicado o enema</p>	<p>Valorar as causas.</p> <p><b>OBXECTIVO:</b> Previr a deshidratación (inxesta de líquidos e/ou dieta astringente) conservar a integridade da pel (limpeza despois de cada deposición, manter a pel seca, non usar produtos irritantes e aplicar pomadas protectoras). Reforzar a autoestima do paciente.</p>	<p>Minimizar os efectos: Cambio de cueiros tantas veces como sexa preciso.</p>

## ELIMINACIÓN URINARIA

RETENCIÓN URINARIA	INCONTINENCIA URINARIA	HEMATURIA
<p>Pode cursar con anuria ou incontinencia por rebordadura.</p> <p><b>OBXECTIVO:</b> Conseguir o vaciado vesical.</p> <p><b>ACTIVIDADES:</b> Valorar presenza de globo vesical, realizar sondaxes de descarga, tratar causas reversibles. Se o enfermo está estuporoso ou en coma, lavado ou cambio de sonda (en caso de obstrucción)</p>	<p>Está relacionado coa enfermidade, medicación e infeccións.</p> <p><b>OBXECTIVO:</b> Manter a integridade da pel e evitar a perda da autoestima. Usar colectores ou cueiros evitando a colocación de sonda vesical.</p> <p>Non berrar ao paciente no caso de perdas urinarias</p>	<p>Emisión de sangue polos ouriños.</p> <p><b>OBXECTIVO:</b> Previr a dor e a retención producida polos coágulos.</p> <p><b>ACTIVIDADE:</b> Sonda vesical de 3 vías e lavado vesical continuo. Lavado da sonda con xeringa, se se obstrúe.</p>

## HIXIENE

- **OBXECTIVO:**
  - Manter a pel limpa e seca.
- **ACTIVIDADES:**
  - Participación do paciente e da familia; con coidado e sen presas.
  - Cambio frecuente de roupa, uso de colectores e cueiros.
  - Hixiene despois de cada deposición-mición.
  - Fomentar a hidratación da pel.
  - Proporcionar intimidade, respetar a vergoña e o pudor.
  - Coidado dos ollos.

## PEL E MUCOSAS: Risco de deterioro da integridade física.

Causas directas: Enfermidade, alteracións psicolóxicas, secrecións e excrecións, etc.

Causas indirectas: Humidade, deshidratación, fármacos, deficiencia do estado nutricional, etc.

- **OBXECTIVO:**

- Manter a pel limpa e seca para evitar úlceras por presión, implicando ao paciente e a familia nos cuidados: hixiene e hidratación.

- **ACTIVIDADES:**

- Promover o movemento, instruír sobre os cambios posturais.

- Evitar fibras sintéticas e os rozamentos coa roupa.

- Protexer a pel sometida a tratamento con radioterapia.

- Vixiar a presenza de micosis, infeccións e dermatitis.

- Edemas: levantar os membros e protexer os talóns e cóbados.

- Palidez e isquemia: evitar o frío, protexer e manter as extremidades baixas.

- Enroxecemento e falta de sensibilidade : evitar a calor directa e protexer a zona para evitar lesións.

- No paciente agónico buscar a comodidade, con mínimos cambios posturais.

PEL SECA	PEL HÚMIDA	ÚLCERAS POR PRESION*
<p>Xabóns de PH neutro.  Aplicar cremas despois do baño.  Secar con toalla suave.</p>	<p>Baños curtos con xabón PH neutro.  Prestar atención especial ao secar zonas de dobras.</p>	<p><b>OBXECTIVO:</b>  Mellorar o benestar do paciente.  Manter a pel limpa e as feridas protexidas.  Controlar a dor e o cheiro.</p> <p><b>ACTIVIDADES:</b>  Plantexar obxectivos realistas.  Evitar técnica agresivas.  Protexer a pel circundante.</p>

\*Ver Tema úlceras neoplásicas



## BOCA

- A alteración da mucosa oral, relacionada con: fármacos, úlceras, cancro, respiración bucal..., ten:
  - Repercusións físicas: malnutrición, anorexia e caquexia.
  - Repercusións psicolóxicas: comunicación, vida social...

### OBXECTIVO:

- Manter a integridade da mucosa.
- Previr infeccións.
- Eliminar calquera substancia de desfeito.
- Aliviar a dor e a incomodiade.
- Minimizar a angustia e o illamento.

### ACTIVIDADES:

- Valorar labios, dentes, mucosa, lingua, enxivas e salivación.
- En xeral: Ensinar ao paciente e á familia a importancia dos coidados da boca e dunha correcta hixiene:
  - Manter os labios hidratados.
  - Enxaugar a boca antes e despois de cada comida
  - Cuidado das prótesis, retirándoas se hai algún problema.

BOCA SECA	BOCA SUCIA	BOCA CON DOR	INFECCIONS ORAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alimentos substanciosos, que apetezan; brandos, iogures, natillas.</li> <li>-Remollar o pan e as galletas, mesturar os alimentos con mollos.</li> <li>-Chupar xeos de frutas.</li> <li>-Utilizar spray de saliva artificial, colutorios de glicerina...</li> <li>-Cepillado dos dentes despois de cada comida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Limpar os dentes despois de cada comida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Tratar a infección.</li> <li>-Usar anestésicos tópicos, hixiene antes e despois das comidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Tratamento prescrito.</li> <li>-Hixiene correcta e coidado das próteses (deixar nun líquido axeitado polas noites).</li> </ul>

## SINTOMAS RESPIRATORIOS

DISNEA	TOSE
<p><b>OBXECTIVOS:</b> Mellorar a falta de alento. Evitar ansiedade e o medo.</p> <p><b>ACTIVIDADES:</b> Aplicar a medicación adecuada e se se fracasa, avisar o médico. Transmitir tranquilidade e control da situación. Afloxar a roupa. Aplicar aire fresco, abanicar. Levantar a cabeceira. Usar humidificadores e aumentar a boca fresca húmida. Adestrar ao cuidador nos exercicios respiratorios. Recomendar ao paciente evitar actividades que lle produzan aumento da disnea.</p> <p><b><i>NON DEIXAR NUNCA SÓ AO PACIENTE.</i></b></p>	<p><b><u>PRODUCTIVA:</u></b> Explicar o motivo da acumulación das secrecións e que toser favorece a súa eliminación. Enseñar a toser de maneira eficaz.</p> <p><b><u>IRRITATIVA:</u></b> Evitar factores que a precipiten (fumes, cambios bruscos de temperatura, produtos de limpeza irritantes). Exercicios respiratorios e pequenas cantidades de auga ou caramelos. Mellorar a humidade ambiental.</p>

HEMOPTISE	HIPO	ESTERTORES PREMORTEN OU AGÓNICOS
<p>Síntoma alarmante para paciente e familiares.</p> <p><b>ACTIVIDADES:</b></p> <p>Paciente en repouso e en decúbito lateral semisentado.</p> <p>Intentar camuflar o sangue con roupa vermella ou verde para evitar angustia.</p> <p>Se é masiva e terminal, sedación según prescripción médica.</p> <p><b><i>NON DEIXAR NUNCA SÓ AO PACIENTE</i></b></p>	<p>Pode ser de orixen central ou periférico.</p> <p>Contrólase con medidas farmacolóxicas.</p>	<p>É un dos síntomas que mais sufoca á familia, causándolle sensación "de mal morer" polo que é moi importante explicar que o paciente non está sufrindo.</p> <p><b>OBXECTIVO:</b></p> <p>Aliviar as molestias do paciente.</p> <p><b>ACTIVIDADES:</b></p> <p>Colocar en decúbito lateral acentuado, para favorecer a drenaxe postural.</p> <p>A aspiración é moi molesta, polo que so se lle debe realizar a pacientes inconscientes.</p>

## DOR

Relacionada con: enfermidade, tratamento, debilidade.

### OBXECTIVO:

-Mantelo controlado.

### ACTIVIDADES:

-Crer sempre ao enfermo.

-Valorar

O tipo da dor: xorda, opresiva, punzante.

A localización

A intensidade (por exemplo escala EVA)

A frecuencia.

-Valorar a eficacia dos analxésicos (usar escalonadamente.)

-Administrar analxesia nos horarios pautados.

-Non utilizar placebos.

-Ensinar e respetar posturas antiálxicas.

-Se toma opiáceos asegurarse de que ten pautados laxantes.

-Escoitar ao paciente, procurar un ambiente relaxado e evitar a ansiedade.

ACTIVIDADE FÍSICA	RECREO E OCIO
<p><b>VENTAXAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A circulación.</li> <li>- A tonificación muscular.</li> <li>- A distracción.</li> <li>- Redución de estrés.</li> <li>- Redución de insomnio.</li> </ul> <p><b>SE CAMIÑA:</b> Animalo a que o faga; que faga a actividade física que prefira. Ofrecerlle axuda para pasear camiñando ou en coche.</p> <p><b>SE NON CAMIÑA:</b> Cadeira de rodas, andadeira.....o ben con axuda persoal.</p> <p><b>SE ESTÁ INMOBILIZADO:</b> Posición axeitada, cambios posturais, ter a cama onde lle guste e facilitar o acceso aos seus obxectos persoais.</p>	<p><b>OBXECTIVO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Favorecer a actividade social e a distracción.</li> </ul> <p><b>ACTIVIDADES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Favorecer o contacto con familiares e amigos.</li> <li>- Pasear, ler, TV, música...</li> <li>- Permitirse saltar as normas (un cigarro, un doce...)</li> </ul>

# SÍNTOMAS NEUROPSICOLÓXICOS

## INSOMNIO

Moi común; debe tratarse de maneira enérxica, se é posible.

### ACTIVIDADES:

Axustar a medicación para respetar o sono.

Ámbito agradable e cómodo. Reducir a estimulación ambiental.

Procurar bo control da dor.

Reducir cambios posturais durante a noite.

Aumentar, no posible, a actividade diurna.

Animar ao paciente a expresar as súas preocupacións.

## ANSIEDADE

Relacionada co medo á morte, á soidade, á incompreensión, á perda de rol,...

### OBXECTIVO:

Mellorar a adaptación do enfermo á situación.

### ACTIVIDADES:

Comprobar toma correcta de fármacos

Establecer comunicación (empatizar.)

Favorecer a expresión dos seus sentimentos con escoita activa.

Proporcionar a información que solicite e precise.

Actuar con calma, sen mostrar présa.

Respetar o desexo de soidade ou compañía.

Favorecer un ámbito agradable.

Promover ocio e recreo.

Evitar paternalismos.

Realizar co paciente unha valoración realista sobre a sensación de abandono.

Informar ao paciente e á familia dos tratamentos utilizados para controlar este síntoma.

## SÍNTOMAS NEUROPSICOLÓXICOS.

### DEPRESIÓN

#### OBXECTIVO:

Recuperar a autoestima.

Canalizar hostilidades.

Coidar autoimaxe.

#### ACTIVIDADES:

Actuar con calma.

Escoitar con atención, promover a manifestación dos sentimentos.

Fomentar as visitas que poidan axudar.

Evitar paternalismos.

Promover o coidado do seu aspecto.

Acompañalo sempre que o solicite.

Determinar o grao de percepción do paciente sobre a súa situación

Procurar poucos cambios no equipo terapéutico, xa que son altamente perturbadores para o paciente.

### ESTADO CONFUSIONAL AGUDO

#### OBXECTIVO:

Evitar autolesións ou lesións a outros.

#### ACTIVIDADES:

Administrar tratamento farmacolóxico pautado.

Utilizar medidas de seguridade, mentres non fai efecto a medicación.

Varandas na cama.

Luz tenue durante a noite.

Evitar a excesiva estimulación sensorial.

Acompañamento por un familiar.

Descartar impactación fecal, retención urinaria como causa.

Apoio psicolóxico.



## SUFRIMIENTO ESPIRITUAL

Relacionado con conflicto de creencias e valores do individuo. Necesidade de reconciliación.

### OBXECTIVO:

- Procurar que o paciente exprese os seus sentimentos respecto ós seus valores.
- Si é posible, procurar reconciliación co seu entorno e consigo mesmo. Debe recibir a axuda espiritual que demande.

### ACTIVIDADES:

- Planificar un tempo adecuado para a comunicación; sen presas.
- Axudar a expresar a natureza do conflito que ten e buscar posibles solucións.
- Identificar as cousas que lle poden dar paz, alivio, forza e amor.

## ATENCIÓN NA AGONÍA (1)

### OBXECTIVO:

- Procurar confort.
- Soporte e información necesaria á familia.

### ACTIVIDADES:

- Comunicar ao médico a nova situación.
- Os cambios posturais e hixiene irán encamiñados a proporcionar confort.
- Cando aparecen estertores, aspirar o menos posible. Utilizar medicación e medidas posturais adecuadas para minimizalos.
- Procurar un ámbito con serenidade e compañía.

## ATENCIÓN NA AGONÍA (2)

### A FAMILIA:

- Atención y soporte
- Poden esixir reivindicacións terapéuticas pouco realistas.

### ACTIVIDADES:

- Ofrecer dispoñibilidade.
- Explicar o proceso, adaptación ós cambios e planificación da despedida.
- Seguir implicados nos cuidados de confort do paciente.
- Non soros nin sonda N/G: a diminución da inxesta é unha consecuencia, non causa do estado.
- Comunicación co paciente: verbal e non verbal. Actitude receptiva.
- Pautas de actuación ante unha crise de pánico, coma, axitación e agonía.
- Non deixar nunca só o paciente agonizando: sentarse ao seu lado e darlle a man.
- Trámites administrativos despois da morte.

## ATENCIÓN Á FAMILIA

- O seu papel é fundamental nos cuidados do paciente, polo que require información clara e formación nos cuidados.
- Na primeira visita valorarase se a familia pode atender ao paciente adecuadamente. A valoración farase periódicamente.

### ACTIVIDADES:

- Proporcionar a máxima información posible.
- Animalos a estar co paciente o máximo tempo posible; suxerir a participación de toda a familia.
- Evitar visitas que perxudiquen ao paciente.
- Explicarlles a necesidade de manter a calma en todo momento.
- Plantexar con eles as prioridades con cada problema que xurda.
- Facilitar un clima axeitado para resolver temas pendentes.
- Facilitar asistencia espiritual.

## RESERVORIO SUBCUTANEO (1)

Catéter radioopaco

Base de titanio con orificios (para a súa fixación nos texidos).

Membrana de silicona autoselable.

Implántase mediante técnica cirúrxica estéril.

### INDICACIÓNS:

Pacientes que requiren un acceso venoso prolongado.

### UTILIDADES:

Administración de medicación ou fluidoterapia IV.

Extraccións de mostras sanguíneas.

Administración de substancias sanguíneas ou nutritivas.

## RESERVORIO SUBCUTANEO (2)

### VENTAJAS:

Reduce o risco de infeccións.  
Permite un elevado nº de puncións.  
Comodidade para o paciente.

### INCONVINTES:

Contraindicado en pacientes que requiren transplante de MO.  
Hai que pinchar a pel do enfermo.

### COMPLICACIÓNS E PROBLEMAS:

Trombosis.  
Pneumotórax.  
Embolia gaseosa.  
Obstrución.  
Dor á palpación.  
Humidade no lugar de implantación.  
Infeccións.

## RESERVORIO SUBCUTANEO (3)

### ACCESO AO RESERVORIO SUBCUTÁNEO:

#### OBXECTIVO:

Manter acceso venoso central aséptico e permeable.

#### MATERIAL:

Luvas estériles.

Gasas estériles.

Antiséptico (povidona).

Pano estéril.

Xeringas de 10cc.

Agullas tipo gripper ou Hubber.

Soro fisiolóxico.

Solución de heparina (5000u en 100cc de suero) ou Fibrilin®.

Tapón e apósito.

## RESERVORIO O SUBCUTANEO (4)

### PROCEDIMIENTO:

- Lavado de mans.
- Explicarlle o procedemento ao paciente.
- Colocación de luvas estériles.
- Preparar campo e material estéril.
- Localizar e palpar a zona de punción.
- Desinfectar a zona de punción de dentro cara a fóra.
- Purgar o equipo de extensión e a agulla gripper.
- Inmovilizar coa man non dominante suxeitando cos dedos índice y polgar.
- Introducir a agulla a través da pel perpendicular ao reservorio, ata o fondo.
- Comprobar permeabilidade aspirando.
- Se é permeable, lavar con 10cc de s.f.
- Clampar o equipo de extensión e conectar o tapón.
- Asegurar a agulla gripper co apósito estéril.
- Vixilar síntomas de inchazo ou hipersensibilidade.
- Conectar o sistema de administración de fluido.
- Inicio da infusión.
- Ao rematar clampar o equipo.
- Lavar o sistema con 10cc de s.f. facendo presión positiva antes de clampar a agulla.
- Heparinizar con 5cc de fibrilin ou con 10cc de solución heparinizada.
- Cambiar o gripper semanalmente.
- Cambio de apósito c/48h e sempre que sexa preciso.
- Para retirar a agulla: retirase cunha man, suxeitando o reservorio cara abaixo coa outra.



## RESERVORIO SUBCUTANEO (5)

### O SELADO

Realizar despois de cada uso.  
Se non se usa c/21 días.

### EXTRACCIONS DE SANGUE

Seguir as instruccións de acceso.  
Debotar os primeiros 10cc de  
sangue.  
Extraer el volumen de sangre  
desexado.  
Limpar o catéter con 10cc de s.f.  
Heparinizar.

## BIBLIOGRAFIA

1. Papel de la enfermería en los cuidados paliativos. M<sup>a</sup> del Mar Otero Manso. Unidad Cuidados Paliativos, CHUAC. A Coruña.
2. Curso de Formación Básico. Concepto e Filosofía dos Coidados Paliativos. F. J. Barón Duarte - Grupo de Trabajo de Coidados Paliativos.
3. Grupo de Trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre Cuidados Paliativos. Guía de Práctica Clínica sobre Cuidados Paliativos. Madrid: Plan Nacional para el SNS del MSC. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias del País Vasco; 2008. Guías de Práctica Clínica en el SNS: OSTEBA N<sup>o</sup> 2006/08.
4. Guía de Cuidados Paliativos. Sociedad española de Cuidados Paliativos.
5. Marta Juvín. Rol de enfermería en cuidados paliativos. Primer simposio virtual del dolor, medicina paliativa y avances en farmacología del dolor.

# ANEXOS: táboas e escalas de utilidade en coidados paliativos

As diferentes escalas e criterios permítennos estimar o prognóstico destas enfermidades e axudan na toma de decisións pero temos que recordar que os criterios de terminalidade, tanto oncolóxicos como non oncolóxicos, son orientativos e han de ser revisados permanentemente e adaptalos a cada caso concreto.

Neste apartado facemos unha recopilación de algúns dos máis empregados nos coidados paliativos que, unidos a impresión clínica de supervivencia, determinados parámetros analíticos , parámetros de fragilidade e síndrome declive....., melloran a información, fan máis precisa a toma de decisións conseguindo dese xeito unha maior seguridade.

Táboa 1: Escala de Karnofsky

Táboa 2: Performance Status (ECOG)

Táboa 3: Equivalencia PS ECOG/ Índice Karnofsky

Táboa 4: PaP Score

Táboa 5: PPS

Táboa 6: PPI

Táboa 7: Índice de Barthel

Táboa 8: GDS-FAST

Táboa 9: Miniexamen cognoscitivo de Lobo

Táboa 10 : Escala da disnea MCR

Táboa 11: Escala de Ramsay

Xunto con estas, en cada capítulo aparecen criterios específicos das diferentes insuficiencias de órgano.

Táboa 1. ESCALA DE KARNOFSKY

<u>Actividades</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Equivalente físico</u>
Normal, sen queixas, faltan indicios de enfermidade	100	Capaz de traballo e actividades normais, sen necesidade de coidados especiais
Levar a cabo unha actividade normal con signos ou síntomas leves	90	
Actividade normal con esforzo. Algunhos signos ou síntomas morbosos	80	
Capaz de coidarse, incapaz de actividade normal ou traballo activo	70	Non apto para o traballo. Capaz de vivir na casa, satisfacer a maioría das súas necesidades. Necesita unha axuda de importancia variable
Require atención ocasional, pero é capaz de satisfacer a maioría das súas necesidades	60	
Necesita axuda importante e asistencia médica frecuente	50	
Incapaz, necesita axuda e asistencia especiais	40	Incapaz de satisfacer as súas necesidades, necesita asistencia equivalente á dun hospital. A enfermidade pode agravarse rápidamente.
Totalmente incapaz, necesita hospitalización e tratamento de soporte activo	30	
Gravemente enfermo. Tratamento activo necesario	20	
Moribundo, irreversible	10	
Morto.	0	
		Morto

## Táboa 2. PS ECOG (Performance status)

0: Vida normal sen limitación de ningún tipo.

1: Limitación para actividades que requiran grandes esforzos físicos. Pode facer traballos sedentarios.

2: Válese por sí mesmo pero é incapaz de realizar calquera actividade. Pode deambular máis do 50% do tempo.

3: Non se vale por sí mesmo. Encamado ou en sofá máis do 50% do tempo.

4: Completamente inválido. Encamado ou en sofá todo o tempo.

5: Morto.

Táboa 3 . Equivalencia PS ECOG/ Índice Karnofsky

PS ECOG	Equivalencia I K	Descrición	Exploración por Anamnese
<b>0</b>	<b>100-90%</b>	Plenamente activo, capaz de realizar toda a actividade previa á enfermidade sen restrición	Por ex. nun xubilado PS0 sería o que pode seguir facendo a súa rutina diaria...ir a polo xornal, botar a partida...
<b>1</b>	<b>80-70</b>	Restringido na actividade física extenuante, pero ambulatorio e capaz de levar a cabo traballos de carácter lixeiro ou sedentarios, por exemplo, algún traballo da casa ...	Por exemplo deixou de facer a compra pero fai a comida...
<b>2</b>	<b>60-50</b>	Ambulatorio e capaz de todos os autocoidados, pero incapaz de levar a cabo calquera actividade de traballo. E algo mais do 50% das horas de vixilia fora da cama ou sofá	
<b>3</b>	<b>40-30</b>	Capaz só de autocoidado, actividade que se limita á cama ou cadeira mais do 50% das horas de vixilia	P ex ¿necesita axuda para o seu aseo e vestido?...¿Onde almorza?, ¿Canto tempo do día está andando e canto NA CAMA –SOFÁ?
<b>4</b>	<b>20-10</b>	Totalmente inactivo. Non pode realizar calquera autocoidado. Totalmente confinado á cama ou cadeira	
<b>5</b>	<b>0</b>	Morto	



Táboa 4. O nivel de prognóstico Paliativos (PaP score)

CRITERIO	EVALUACIÓN	PARCIAL SCORE
Disnea	Non Sí	0 1
Anorexia	Non Sí	0 1,5
Karnofsky	$\geq 30$ 10 a 20	0 2,5
Predición Clínica supervivencia (semanas)	> 12 11-12 7-10 5-6 3-4 1-2	0 2 2,5 4,5 6 8,5
nº total leucocitos	$\leq 8,5$ 8,6 a 11 > 11	0 0,5 1,5
Porcentaxe de linfocitos	20 a 40% 12 a 19,9% <12%	0 1 2,5
GRUPO DE RISCO	30 DÍAS DE SUPERVIVENCIA	PUNTUACIÓN
A	> 70%	0 a 5,5
B	30 a 70%	5,6 a 11
C	<30%	11,1 a 17,5

## Táboa 5 PPS (Palliative Performance Scala)

%	Deambulación	Actividade e evidencia de enfermidade	Autocoidado	Inxesta	Nivel conciencia
100	completa	Normal, non evidencia de enfermidade	completo	normal	completo
90	completa	Normal, algunha evidencia de enfermidade	completo	Normal	completo
80	completa	Normal con esforzo, algunha evidencia de enfermidade	completo	Normal ou reducida	completo
70	Reducida	Incapacidade laboral Algunha evidencia de enf.	completo	Normal ou reducida	completo
60	Reducida	Incapacidade traballo doméstico O hobby, enfermidade significativa	Necesita axuda ocasional	Normal ou reducida	Completo ou confusion
50	Sofá/cama	Incapacidade total Enfermidade extensa	Necesita axuda considerable	Normal ou reducida	Completo ou Confusion
40	Fundamentalmente cama	idem	Fundamentalmente axuda	Normal ou reducida	Completo ou somnolento ou confusion
30	encamado	idem	Coidado total	reducida	Completo ou somnolento ou confusion
20	encamado	Idem	idem	Mínimos sorbos	Completo ou somnolento ou confusion
10	encamado	idem	idem	Coidados da boca só	Somnolento ou Coma
0	morto	-	-	-	-

## METODOLOXÍA DE EMPREGO ESCALA PPS (Palliative Performance Scala)

Debese buscar en cada caso o nivel que mellor encaixe co paciente valorando os 5 items da escala.

Os items con maior peso están á esquerda e os de menor peso á dereita: primeiro decidir se o paciente pode andar ou non, logo se pode realizar algunha actividade, se pode asearse, se pode inxerir e finalmente o nivel cognitivo.

Polo tanto, a escala PPS cae de arriba abaixo pero tamén ten implicación de esquerda a dereita (é mais importante a deambulación que a cognición)

Táboa 6. Paliative Prógnostic Index (PPI)

Máximo posible

<b>PPS</b>	10-20	<b>4</b>	<b>4</b>
	30-50	<b>2,5</b>	
	≥ 60	0	
<b>Inxesta oral</b>	reducida severamente < bocados Moderadamente reducida > bocados normal	<b>2,5</b> <b>1</b> 0	<b>2,5</b>
<b>Edema</b>	presente ausente	1 0	<b>1</b>
<b>Disnea reposito</b>	presente ausente	<b>3,5</b> 0	<b>3,5</b>
<b>delirium</b>	presente ausente	<b>4</b> 0	<b>4</b>

Si > 6, supervivencia < 3 semanas

Si > 4, supervivencia < 6 semanas

Parámetro	Situación do paciente	Puntuación
Comer	Totalmente independente	10
	Necesita axuda para cortar carne, pan, etc.	5
	Dependente	0
Lavarse	Independente: entra e sae só do baño	5
	Dependente	0
Vestirse	Independente: poñerse e quitarse a roupa, abotonarse, atarse os zapatos	10
	Necesita axuda	5
	Dependente	0
Arranxarse	Independente para lavarse a cara, as mans, peinarse, afeitarse,....	5
	Dependente	0
Deposicións	Continencia normal	10
	Algún episodio de incontinencia, ou axuda para administrarse supositorios ou lavativas	5
	Incontinencia	0
Micción	Continencia normal, ou é capaz de cuidarse da sonda se ten unha posta	10
	Un episodio diario como máximo de incontinencia, ou axuda para cuidar da sonda	5
	Incontinencia	0
Usar o retrete	Independente para ir ao cuarto de aseo, quitarse e ponerse a roupa...	10
	Necesita axuda para ir ao retrete, pero se limpia so	5
	Dependente	0
Desprazarse	Independente para ir do sofá á cama	15
	Mínima axuda física ou supervisión para facerlo	10
	Necesita gran axuda, pero é capaz de manterse sentado só	5
	Dependente	0
Deambular	Independente, camiña só 50 metros	15
	Necesita axuda física ou supervisión para camiñar 50 metros	10
	Independente en cadeira de rodas sen axuda	5
	Dependente	0
Escalóns	Independente para baixar e subir escaleiras	10
	Necesita axuda física ou supervisión para facerlo	5
	Dependente	0
FECHA:	PUNTUACIÓN TOTAL:	—

## Táboa 7. Índice de Barthel

Máx. puntuación: 100 puntos (90 se vai en cadeira de rodas)

Resultado	Grao de dependencia
< 20	Total
20-35	Grave
40-55	Moderado
≥ 60	Leve
100	Independente

## Táboa 8. GDS-FAST (Escala de deterioro global de Reisberg)

Estadio	Fase clínica (resultado MEC)	Características clínicas
1. Ausencia de déficit cognitivo	Normal (MEC: 30-35)	Non hai deterioro cognitivo subxectivo nin obxectivo
2. Déficit cognitivo moi leve	Esquezo (MEC: 25-30)	Queixas de perda de memoria (ubicación de obxectos, nomes de persoas, citas, etc)
3. Déficit cognitivo leve	Confusionaria precoz (MEC: 20-27)	<p>Afectación en máis dunha área:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Desorientación espacial</li> <li>. Evidencia de baixo rendimento laboral</li> <li>. Dificultade para recordar nomes, evidente para os familiares</li> <li>. Acabada a lectura retén pouca información</li> <li>. Esquezo a ubicación dos obxectos de valor</li> <li>. O déficit de concentración é evidente para o clínico</li> <li>. Ansiedade leve ou moderada</li> <li>. Se inicia a negación como mecanismo de defensa</li> </ul>
4. Déficit cognitivo moderado	E. Alzheimer leve (MEC: 16-23)	<p>Déficits manifestos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Esquezo de feitos cotiáns recentes</li> <li>. Déficit no recordo da súa historia persoal</li> <li>. Dificultade de concentración evidente en operación de resta</li> <li>. Incapacidade para planificar viaxes, vida social ou realizar actividades complexas</li> <li>. Labilidade afectiva</li> <li>. Mecanismos de negación dominan o cadro</li> <li>. Conserva a orientación en tempos e persoas, o recoñecemento de caras e persoas familiares e a capacidade de viaxar a lugares descoñecidos</li> </ul>
5. Déficit cognitivo moderadamente grave	E. Alzheimer moderada (MEC 10-19)	<p>Necesita asistencia en determinadas actividades Básicas da vida diaria (excepto hixiene e comida):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. É incapaz de recordar aspectos importantes da súa vida cotiá</li> <li>. Desorientación temporoespacial frecuente</li> <li>. Dificultade para contar en orde inverso dende 40, de 4 en 4, ou dende 20, de 2 en 2.</li> <li>. É capaz de reter o su nome e o dos familiares máis achegados</li> </ul>
6. Déficit cognitivo grave	E. Alzheimer moderadamente grave (MEC 0-12)	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Esquezo o nome dos seus familiares máis achegados</li> <li>. Retén algúns datos do pasado</li> <li>. Desorientación temporoespacial</li> <li>. Ten dificultade para contar de 10 en 10 en orde directo ou inverso</li> <li>. Pode necesitar asistencia para actividades da vida diaria</li> <li>. Pode presentar incontinencia</li> <li>. Recordar o seu nome e diferenciar os familiares dos descoñecidos</li> <li>. Hai trastorno do ritmo diurno</li> <li>. Presenta cambios na personalidade e na afectividade (delirio, síntomas obsesivos, ansiedade, axitación, agresividade e abulia cognitiva)</li> </ul>
7. Déficit cognitivo moi grave	E. Alzheimer grave (MEC 0)	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Pérdida de todas as capacidades verbais (a linguaxe pode quedar limitada a gritos ou gruñidos..)</li> <li>. Incontinencia urinaria</li> <li>. Necesidade de asistencia na hixiene persoal</li> <li>. Pérdida das funcións psicomotrices.</li> <li>. Con frecuencia obsérvanse signos neurolóxicos</li> </ul>

## Táboa 9. Minimental Test. Miniexamen Cognoscitivo de Lobo (MEC)

	Puntuación	Puntuación obtenida
<b>ORIENTACIÓN</b> Dígame el día.....fecha.....mes.....estación.....año ..... Dígame el Hospital.....planta.....ciudad..... provincia..... nación....	0-5 0-5	
<b>MEMORIA DE FIJACIÓN</b> Repita estas tres palabras: peseta-caballo-manzana (repetir hasta que las aprenda).....	0-3	
<b>CONCENTRACIÓN Y CÁLCULO</b> Si tiene 30 pesetas, y me las va dando de 3 en 3, ¿cuántas le van quedando? (anote 1 punto cada vez que la diferencia de 3 sea correcta, hasta un máximo de 5 puntos) ..... Repita estas tres cifras: "5-9-2". Ahora repítalas hacia atrás (anotar 1 punto por cada cifra en orden correcta). .....	0-5 0-3	0
<b>MEMORIA (REPETICIÓN)</b> ¿Recuerda las tres palabras que le dije antes? .....	0-3	
<b>LENGUAJE Y CONSTRUCCIÓN</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostrar un bolígrafo: "¿Qué es esto?" Repetir con un reloj.....</li> <li>• Repita esta frase: "En un trigal había cinco perros" .....</li> <li>• "Una manzana y una pera son frutas, ¿verdad?"                      "¿Qué son el rojo y el verde? y ¿un perro y un gato?" .....</li> <li>• "Coja un papel con su mano derecha, dóblelo por la mitad y póngalo en el suelo" (anote un punto por cada movimiento correcto) .....</li> <li>• Lea esto y haga lo que dice:</li> <li>• "CIERRE LOS OJOS" .....</li> <li>• Escriba una frase completa cualquiera (la frase debe tener sujeto, real o implícito, y verbo) .....</li> <li>• Copie este dibujo (cada pentágono debe tener cinco lados y cinco vértices, y la intersección formar un diamante) .....</li> </ul>	0-2 0-1 0-2 0-3 0-1 0-1 0-1	
TOTAL .....		

Punto de corte: 23-24 p  
 Deterioro cognitivo leve: 19-23 p  
 Deterioro cognitivo moderado: 14-18  
 Deterioro cognitivo severo: < 14

Táboa 10. Escala Disnea MCR

Grao	Sensación do paciente
0	Ausencia disnea excepto ao realizar exercicio intenso
1	Disnea ao andar de présa ou subir costa pouco pronunciada
2	Incapacidade de manter o paso de outras persoas da mesma idade, camiñando en chaira, debido a dificultade respiratoria, ou ter que parar a descansar ao andar en chaira ao propio paso.
3	Ter que parar a descansar ao andar 100 m ou ós poucos minutos de andar en chaira.
4	A disnea impide ao paciente saír da casa ou aparece con actividades como vestirse ou desvestirse.



Táboa 11. Escala de Ramsay

Nivel I	Axitado, angustiado
Nivel II	Tranquilo, orientado e colaborador
Nivel III	Durmido, responde a estímulos verbais
Nivel IV	Durmido, responde a órdenes enérxicas
Nivel V	Durmido con resposta só a dor
Nivel VI	Sen resposta algunha